




CONCELLO DE BOIMORTO (A CORUÑA)

Rúa Vilanova, 1 - 15817 BOIMORTO

E-mail: correo@boimorto.es

Teléfono: 981 516 020 Fax: 981 516 045

Web: www.concellodeboimorto.es



CARMEN GOMEZ OTERO SECRETARIA-INTERVENTORA DO CONCELLO DE BOIMORTO (A CORUÑA).

CERTIFICO:

Que a 1ª Tenente de alcalde e concelleira delegada de servizos sociais con data sete de outubro de dous mil quince, ditou o Decreto que deseguido se transcribe literalmente:

<<

Decreto: 514 / 2015

Data decreto: 07/10/2015

Descrición decreto: Nomeamento persoal de apoio PAI do Concello de Boimorto.

DONA Mª JESÚS NOVO GÓMEZ PRIMEIRA TENENTE DE ALCALDE E CONCELLEIRA DELEGADA DE SERVIZOS SOCIAIS DO CONCELLO DE BOIMORTO (A CORUÑA)

Vista que a traballadora Mª Luisa Andrade Vázquez con DNI 45629172R mestre de apoio laboral temporal do PAI do Concello de Boimorto solicitou que se lle reconecese a situación de risco durante o embarazo e a vista da comunicación feita a dita traballadora pola Mutua galega de accidentes de traballo con efectos do 26/09/2015 na que se declara á traballadora en situación de suspensión do contrato por risco durante o embarazo.

Vista a necesidade urxente de contratación de persoal laboral temporal de apoio para o PAI do Concello de Boimorto para reforzo do servizo por cobertura de baixa, vacacións, etc.

Visto o decreto núm. 333 de data 25/09/2013 polo que aproba a bolsa de emprego de persoal de apoio para o PAI do Concello de Boimorto.

Visto o Decreto 478/2015 de data 16/09/2015 de delegación de atribucións da Alcaldía en relación a sinatura e xestión nas materias da área de servizos sociais e en virtude das atribucións que me confire a normativa vixente, **RESOLVO:**

PRIMEIRO.- Nomear como mestre persoal de apoio para o PAI do Concello de Boimorto a Vanessa Carril García con DNI 34893004A.

Condicionase a formalización do contrato en aplicación da base quinta á presentación pola interesada de declaración xurada de non estar incurso en incompatibilidade para ser persoal da Administración Pública e non ter sido separada do servizo público e certificado médico oficial que acredite a súa capacidade para o desempeño do posto de traballo.

SEGUNDO.- Notificar persoalmente o presente decreto á seleccionada indicada no apartado primeiro, así como publicar no taboleiro de anuncios do concello e na páxina web este decreto aos efectos oportunos, e comunicar aos servizos administrativos para que se tramite presentada a documentación requerida a alta do traballadora na seguridade social e se asine e rexistre o contrato con efectos de alta 13/10/2015.

Boimorto sete de outubro de dous mil quince

A 1ª Tenente de alcalde e concelleira
delegada de servizos sociais

Perante min:

A secretaria

Asdo.- M^a Jesús Novo Gómez

Asdo.- Carmen Gomez Otero>>

E para que conste onde proceda, expido a presente certificación, de orde e co visto e prace do Sr. Alcalde, en BOIMORTO, a 7 de outubro de 2015

V^o Pr.
O Alcalde



Asdo.- Gonzalo Concheiro Coello

